



INSTALACIÓN DE PLACAS SOLARES SOBRE CUBERTAS DE FIBROCEMENTO CON AMIANTO

30/05/2023

Tendo en conta o exposto no documento “Dobraxa de cubertas” deste portal de amianto, engádense as seguintes precisións respecto á instalación de placas solares sobre cubertas de fibrocemento con amianto:

Os novos elementos que se instalan, neste caso placas solares, sobre a cuberta, poderían sometela a unhas cargas extras —desde o mesmo momento en que se instalan e durante o tempo que estean instalados— que non se previron nin no deseño nin no proceso de fabricación das placas de fibrocemento con amianto que as forman. Son, por tanto, agresións ás que hai que engadir a degradación natural nomeada.

A instalación de calquera elemento sobre unha cuberta implica como mínimo traballar e transitar sobre ela resultando inevitable o contacto co amianto e sendo moi probable que se produzan vibracións e tensións sobre os elementos da cuberta que poden resultar en roturas e/ou perturbacións das placas ou outros elementos con amianto que provocarían a liberación de fibras ao ambiente. Existe polo tanto un risco significativo de exposición do persoal traballador e de terceiras persoas.

Por outra parte, hai que ter en conta as actividades posteriores de mantemento, limpeza e control, que poden variar en función dos elementos instalados e que poden implicar incluso que a cuberta orixinaria quede oculta baixo os novos elementos instalados sendo máis difícil de identificar e de localizar, en cuxo caso será necesario deixar constancia dos materiais con amianto ocultos para evitar riscos xa que as operacións que se fagan no futuro implicarán liberación de fibras.

A retirada da cuberta posterior, terá maior complicación técnica e mais custo económico xa que os materiais estarán cubertos como mínimo parcialmente por outros materiais.

A todo o exposto hai que engadir a imposibilidade técnica de garantir a conservación correcta dos materiais con amianto durante o tempo que se manteñan instaladas as placas solares e a prioridade de eliminar o risco de exposición ao amianto do persoal traballador e a poboación en xeral.

En conclusión:

A instalación de placas solares sobre cubertas de fibrocemento é unha operación que en xeral non se vai poder realizar xa que na maioría das ocasións, a opción de retirar e eliminar o amianto será a correcta.



Como se indica no documento “Dobraxa de cubertas”, esta operación entra en contradición coa política dun futuro sen amianto propiciada dende na Unión Europea xa que engade dificultade a unha retirada posterior da cuberta.

En todo caso no suposto excepcional de que se certifique mediante un informe dun técnico competente que a cuberta non presenta deterioro nin perigo de rotura que poidan provocar liberación de fibras e que vai soportar tanto a intervención sobre ela como a estrutura que se lle instala encima sen provocar riscos para a seguridade, deberase presentar un plan específico para o traballo a realizar que se valorará no tocante á súa correcta execución.